

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 15-03-2023, ditou a resolución con número 685/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DURACIÓN DETERMINADA MEDIANTE UN CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, DUNHA PRAZA DE DOCENTE PARA IMPARTIR A ACCIÓN FORMATIVA “SOLDADURA OXIGAS E SOLDADURA MIG/MAG” CORRESPONDENTE AO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022 E 2023 (2ª CONVOCATORIA).

Corrección de erro no decreto núm. 605/202 de 03/03/2023.

Detectouse un erro material no Decreto de Alcaldía núm. 605/2023 de 03/03/2023 polo que se aprobaron as bases e a convocatoria para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7h./día, en horario de 8.30 h. a 15.00h), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”.

O dito erro prodúcese no resolutivo primeiro, referido o horario de traballo e, no texto das Bases transcrito como Anexo ao final da resolución, apartado Primeiro. Obxecto da convocatoria e modalidade de contratación, apartado 1.3 que se refire a retribución bruta mensual e o horario de traballo.

Conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: “*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

En consecuencia procede rectificar os citados erros materiais.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado no texto das Bases transcrito como Anexo ao final da resolución, apartado Primeiro. Obxecto da convocatoria e modalidade de contratación, apartado 1.3 que se refire a retribución bruta mensual e o horario de traballo.

A tales efectos, onde di:

Parte resolutiva.

Primeiro.- Aprobar as bases e a convocatoria para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7h./día, en horario de 8.30 h. a 15.00 h.), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente resolución.

Debe dicir:

Primeiro.- Aprobar as bases e a convocatoria para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial

(7h./día, en horario de 8.30 h. a 15.30 h.), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente resolución.

A tales efectos, onde di:

BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DURACIÓN DETERMINADA MEDIANTE UN CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, DUNHA PRAZA DE DOCENTE PARA IMPARTIR A ACCIÓN FORMATIVA “SOLDADURA OXIGAS E SOLDADURA MIG/MAG” CORRESPONDENTE AO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022 E 2023 (2ª CONVOCATORIA).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

1.3.- A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a tempo parcial para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (7h./día, en horario de 8.30h. a 15.00h.).

A retribución bruta mensual (por tódolos conceptos) será de 2.860,96€. A data previsible de contratación será **desde o 27 de abril de 2023 ata o 29 de setembro de 2023.**

Debe dicir:

1.3.- A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada a tempo parcial para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (7h./día, en horario de 8.30 h. a 15.30 h.).

A retribución bruta mensual (por tódolos conceptos) será de 3.337,79 €. A data previsible de contratación será **desde o 27 de abril de 2023 ata o 29 de setembro de 2023.**

Segundo.- Expoñer esta resolución na sede electrónica do Concello ,e con carácter complementario, na páxina web municipal www.carballo.org.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto